

# Portugal como motivo temático e poético na literatura galega contemporánea

ALEXIA DOTRAS BRAVO  
Universidade de Coimbra

## Resumo:

A relación lingüístico-literaria de Portugal e Galicia na época medieval forma parte dunha extensa historia crítica galega e portuguesa desde o século XIX, cando Carolina Michäelis de Vasconcelos, Teófilo Braga, Manuel Murguía, Noriega Varela e outros recoñecen a débeda contraída desde as primeiras manifestacións líricas. No entanto, a presenza de Portugal e os portugueses nos núcleos temáticos e poéticos da literatura actual é máis escasa, máis anecdótica, de tipo ideolóxico en moitos aspectos, ou mesmo antropolóxica, e non fornece unha liña estable e forte na temática galega. Porén, pódese afirmar que, nos séculos XX e XXI, a idea de Portugal como un *topos* atraente, literariamente interesante, xorde con máis forza, vinculado á identidade nacional e ás arelas políticas. Por iso, novelas ou relatos da actualidade, alén de incursións poéticas, presentan unha imaxe idealizada e positiva de Portugal. Neste traballo farei unha pescuda neses autores e nesas obras para comprobar a vixencia da relación secular literaria entre Portugal e Galicia, salientando os motivos da descontinuidade e escaseza de obras no devir histórico e a imaxe creada actualmente en Galicia de Portugal como motivo poético.

**Palabras clave:** literatura comparada, literatura galega contemporánea, imagoloxía

## Abstract:

The linguistic and literary relationship between Portugal and Galicia during the medieval period becomes part of an extense Galician and Portuguese critical history during the 19<sup>th</sup> century, when Carolina Michäelis de Vasconcelos, Teófilo Braga, Manuel Murguía, Noriega Varela, among others, recognized the long-standing lyric tradition. Nevertheless, the thematic and poetic presence of Portugal and the Portuguese in current Galician literature is relatively poor, mostly incidental, ideologically or even anthropological coined in many ways, lacking a stable and strong thematic line. However, in the 20<sup>th</sup> and 21<sup>st</sup> centuries, the idea of Portugal as an attractive literary *topos* arises, due to questions of national identity and political anxieties. Hence, current novels or short-stories, as well as poetry, offer a positive and idealized image of Portugal. This paper focuses on contemporary authors and their works in order to verify Portugal's and Galicia's secular literary relationship, highlighting the reasons of discontinuity and the lack of works throughout history, as well as the idea of Portugal as a motif that has been created currently within Galician literature.

**Key words:** Comparative literature, contemporary Galician literature, Imagology

**S**on poucos os textos literarios que presentan, na actualidade, Portugal e os portugueses como un motivo temático, ou mesmo poético, idealizado e simbólico, na literatura galega; menos dos que cabía esperar, tendo en conta a orixe común e a relación cultural que, presumiblemente, terían ambos os países.

A razón disto atópase na historia e tamén na política. A miña análise tocará, sobre todo, a poesía e a narrativa, con algunha mención ao teatro; sen embargo, comezarei polas relacións de Galicia co estranxeiro, sobre todo desde o Rexurdimento, para centrarme logo en Portugal, seguindo o criterio cronolóxico e histórico para cada un dos xéneros, cunha breve referencia ao pasado común en ambos os dous. Tentarei rexeitar todo o que hai de tópico nos estudos críticos sobre a cuestión, os que, por outra banda, se ocupan dos aspectos máis externos da relación, sen focalizar a presenza de Portugal como motivo alentador na literatura galega.

É ben certo que na literatura medieval a influencia de Europa a través de Francia, polo Camiño de Santiago, converte este recuncho noroccidental nun país cosmopolita e aberto, trazo que se perde durante os tres Séculos Escuros. Fernández del Riego fai un panorama dos posibles influxos dende a Idade Media, a partir do seu coñecemento erudito, sen referencias documentais que o expliciten: os escritores galegos miran cara ao exterior, desde Curros, Rosalía e Pondal, a poetas e escritores franceses (Mallarmé, Rimbaud, Lamartine, Voltaire, Rousseau), anglófonos (Carlyle, Rossetti, Allan Poe, Yeats), alemáns (Heyne, Goethe), o irlandés James Joyce, hispanos (Bécquer, Huidobro, Juan Rulfo, García Márquez) e, como é lóxico, os portugueses<sup>1</sup>.

Reflíctense as lecturas galegas como as do seu tempo, lecturas europeas e americanas, mais tamén de sistemas culturais non céntricos, como o caso do poeta indio Tagore, ao que Risco lle deu importancia antes das traducións ao castelán de Zenobia Camprubí e Juan Ramón Jiménez. Tamén foi adiantada a Xeración Nós en relación ao tan falado caso da tradución oteriana do *Ulyses* de James Joyce. De Europa salienta a vinculación, vía celta, con Irlanda; case unha unión tradicional, que parte de supostos hoxe desbotados na moderna historiografía<sup>2</sup>, pero moi produtivos a finais do século XIX e principios do XX para a configuración dunha identidade nacional<sup>3</sup>. Por outro lado, a relación con Gran Bretaña en xeral vese beneficiada polos programas da BBC, que propician traballos de Felipe Fernández Armesto, Florentino López Cuevillas, Francisco Fernández del Riego e Plácido Ramón Castro sobre as relacións culturais e literarias entre Gran Bretaña e Galicia<sup>4</sup>. Só a relación con Castela destaca como elemento foráneo inimigo no Rexurdimento, e continúa na narrativa da Xeración Nós ata a actualidade; aínda que convive coa outra corrente baseada en definir a propia especificidade desde o desprezo ou a indiferenza<sup>5</sup>.

Canto a Portugal, as relacións literarias con Galicia foron estudadas, dun xeito xeral, por Manuel Casás, Pilar Vázquez Cuesta, Francisco Fernández del Riego e Francisco Salinas

<sup>1</sup> Fernández del Riego, 1980: 3-17.

<sup>2</sup> Díaz Santana, 2002: 1-7.

<sup>3</sup> Álvarez Lugrís, 2005: 55-92.

<sup>4</sup> De Toro Santos, 1994.

<sup>5</sup> Otero Varela, 2005: 88-101.

Portugal, entre outros. Casás e Fernández del Riego, á maneira subxectiva, recordan citas, datos e autores que fixeron referencias á relación entre ambos os países, como o «Primer Congreso de Estudios Gallegos» de 1919, ao que fai referencia o presidente Casás<sup>6</sup>, e a «Semana Cultural Galega» de 1935 —que evidencia o descoñecemento de Galicia por parte de Portugal—, relatada en forma de lembranza, como outros eventos (ás veces sen anos ou detalles concretos), por Fernández del Riego<sup>7</sup>.

Espalladas na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, Ricardo Carballo Calero mostra as afinidades dos escritores galegos coa literatura portuguesa, como espello da súa propia actitude prolusa, entre os que salientan lecturas que desembocaban en amizades reais entre Noriega Varela, Iglesia Alvariño, Curros Enríquez, dun lado, e Teixeira de Pascoaes, Guerra Junqueiro, António Nobre e Eugénio de Castro, do outro, sempre fornecendo documentos que avalan as súas hipóteses.

No devandito traballo de Fernández del Riego, de 1980, expónse con claridade o mundo literario que unía o eixo atlántico e en qué consistían eses encontros con filólogos, etnólogos, lingüistas e antropólogos:

*Os principais persoeiros da Xeneración non soio se caracterizaron pola súa formación euopea de alén dos Pirineos. Tamén se fomentaron estreitas relacións coas Letras portuguesas. Atlántida de Lisboa, por exemplo, acollía as colaboracións de Risco, de Cabanillas e de Castela. Os nosos escritores andaban a estudar daquela as manifestacións máis novas da literatura e o arte do país irmán. No labor de intercambio galego-portugués, interviñan as figuras máis representativas de Galicia e destacadas persoalidades de alén-Miño, como Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Pina de Morais, Armando de Basto, Alexandre de Córdova, Augusto Casimiro, Pereira Cardoso, Rodrigues Lapa e moitos máis. Varios deles colaboraban asiduamente con artigos sobre a nosa cultura, nas páxinas de O popular, a Ilustração Portuguesa e outros xornais e revistas portuguesas. Nun deses artigos, pina de Morais deulle á arela que os escritores nosos aloumiñaban, o nome de pangaleguismo. Representacións da intelectualidade galega foron a Portugal, a embaixadas culturais de alén-Miño viñeron a Galicia. Nunha reunión celebrada na «Irmandade da Fala» coruñesa, establecéronse as bases dun intertroque espiritual. Nela participaron Leonardo Coimbra, os pintores João Peralta e Octavio Sérgio, o poeta Alexandre de Córdova, o músico Raul Casimiro e o etnógrafo Armando Leça. No entanto, A Águia e máis a Revista da Faculdade de Letras do Porto, informaban aos seus lectores do noso movemento intelectual. E, en contrapartida, a revista galega Nós reproducía colaboracións, críticas e notas da actividade cultural portuguesa (Fernández del Riego, 1980: 12-13).*

Mais as relacións de Galicia con Portugal presentan dúas visións: unha positiva, que parte máis da Galicia do s. XIX, que necesitaba reafirmar a súa identidade nacional compartindo

<sup>6</sup> Casás Fernández, 1953: 366-373.

<sup>7</sup> Fernández del Riego, 2001: 18-19.

un pasado común co país luso; combinada con outra ignorante, a que os escritores portugueses presentan, que descoñecen a literatura galega, aínda avanzado o s. XX. Só algúns, a partir dun punto de vista político, formarán parte de «un nacionalismo con *ribetes* imperialistas»: os que descubran «Galicia como un anaco que a Historia esgazou de Portugal» (Vázquez Cuesta, 1992: 420); tales como Teófilo Braga, Carolina Michæelis de Vasconcelos, Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Afonso Lopes Vieira, Afonso Duarte e João de Castro Osório. A visión seica é inxenua e estereotipada, como se desprende do «Madrigal» de Miguel Torga: «Minha Galiza de perfil bonito,/ órfã da pátria num asilo austero,/ por seres portuguesa é que te quero,/ por seres castelhana te acredito» (Vázquez Cuesta, 1992, 422).

Agora, o descoñecemento de algúns chega a non se lembraren da literatura galega, nin de promover, por exemplo, o Premio Eixo Atlántico —convocado polo sector editorial de Galicia e Portugal— porque, se cadra, «se sinten forzados a un matrimonio de conveniencia coa literatura galega, unha noiva que coñecen pouco e mal, e coa que tampouco parecen ter moito interese en estreitar relacións» (Vilavedra, 2000-1999: 12).

A outra visión, máis negativa, parte do que Francisco Salinas chama «anti-reintegracionismo» que «formula o diferencialismo (a respecto do português e teoricamente do espanhol) como a marca definidora e difinitória do galego»<sup>8</sup>. Con todo, a realidade é que ata a propia variedade normativa non ofrece unha actitude antilusa, senón máis ben o contrario:

*A escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular [...]. Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego* (NOMIG<sup>9</sup>, 2003: 12).

A literatura galega, por tanto, non abunda en paisaxes portuguesas nin mostras de mundos lusos, personaxes e lugares. A relación entre ambas limitase ás reunións entre os escritores a partir de eventos e actos de confraternidade, mais non se transforma a admiración galega nunha maior aparición de Portugal, quer como pano de fondo, quer como protagonista.

## A POESÍA

No ámbito lírico resulta máis fácil descubrir influencias de poemas, rexistros ou estilos de autores lusos. Dende Camões ata José Bento<sup>10</sup>, varios son os poetas que viron a súa obra traducida ou publicada en recompilacións e revistas galegas. Xosé Manuel Dasilva dedica boa parte do seu labor investigador ás poesías portuguesas vertidas ao galego e viceversa:

<sup>8</sup> Salinas Portugal, 2007: 417.

<sup>9</sup> *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.

<sup>10</sup> Pozo Garza, 2001: 63-72.

Camões<sup>11</sup>, Francisco Añón<sup>12</sup> e Rosalía<sup>13</sup> son algúns dos autores aos que dedica os seus escritos; orientando o seu traballo ás traducións, influxos e homenaxes, máis dos galegos aos portugueses que ao contrario, agás no caso de Rosalía, recoñecida como unha das grandes poetisas, en vida, polos poetas portugueses (Rodrigues Baptista, 1993: 173-184).

Os casos máis claros onde Portugal conforma un motivo poético recorrente na lírica galega son o de Eduardo Pondal e o de Antonio Noriega Varela. Desde esta perspectiva aquí vista, Andrés José Pociña indica o «significado que Portugal (la nación, la patria, las gentes o la lengua) tiene en el bardo gallego»<sup>14</sup>. Ese significado será o que utilicen os intelectuais posteriores para dignificar Galicia e a súa proposta de nación estable: a unión ibérica dos pobos, comezando polos idiomas galego e portugués. Pola súa banda, Noriega Varela, o poeta máis portugués, adquire a afección polos cultismos e o tópico da saudade portuguesa, principalmente a partir da súa estadia en Trasalba, con Otero Pedrayo, onde coñece a Teixeira de Pascoaes (con quen se carteu, e cuxas misivas se publicarán no *Boletín Galego de Literatura*<sup>15</sup>) e a Eugénio de Castro<sup>16</sup>.

Porén, os poetas que se empapan da cultura portuguesa son os neotrobadoristas, que non só recuperan motivos medievais, senón que tamén se apropian dos usos lingüísticos medievais da «ortografía lusitanizante» (Rodríguez, 2007: 608), como Johan Vicente Viqueira, Fermín Bouza-Brey e Álvaro Cunqueiro.

## A NARRATIVA: UN LIBRO DE VIAXES E TRES NOVELAS

Tras a asunción da novela como xénero por excelencia, esta converteuse no máis lido, vendido e estudado desde hai dous séculos na literatura occidental. Sucede o mesmo coa literatura galega. O primeiro grupo narrativo de transcendencia non só literaria, senón tamén cultural foi a Xeración Nós. Ao abeiro das achegas dos poetas do Rexurdimento, os novelistas e contistas aproxímanse á literatura portuguesa desde o órgano que os une, a revista *Nós*, intimamente vinculada nos propósitos á publicación periódica *A Águia*, que imprime, nos seus manifestos preliminares, a idea do renacemento da raza para a patria, diferenciada, formada por homes e mulleres de pensamento heteroxéneo e plural, e mesmo «poderíamos rastrar os temas e até os termos comuns aos dois textos, na sua migração semântica, nas suas denotações e conotações respectivas, que dialogicamente se reenviam» (Seabra, 1999: 310).

Risco<sup>17</sup>, Otero e Castelao non empregaron Portugal como destino das súas obras de ficción, en troques proclamaron a unión atlántica, iberista e pancéltica co país luso, como tan ben expón Valiente Fernández (2007b: 251-262). No entanto, analizan a narrativa portuguesa

<sup>11</sup> Dasilva, 2002: 125-137.

<sup>12</sup> Dasilva, 2003: 41-50.

<sup>13</sup> Dasilva, 2005: 81-91.

<sup>14</sup> Pociña, 2007: 221.

<sup>15</sup> Freixeiro Mato, 1994: 72-98.

<sup>16</sup> Carballo Calero, 1981: 524.

<sup>17</sup> Valiente Fernández, 2007a: 135-143.

de Eça de Queirós, así como Lopes Vieira e Eugénio de Castro. Como antecedente, Emilia Pardo Bazán dá a coñecer a Eça de Queirós, ademais de referencias á literatura portuguesa en xeral, en artigos escritos en castelán sobre o novelista portugués<sup>18</sup>, aínda que tamén se cuestiona a publicidade que lle fixo ao país veciño, transformada máis ben na súa propia propaganda ou da literatura española<sup>19</sup>.

Cal é, logo, a presenza de Portugal como elemento simbólico ou poético da ficción literaria galega? Na narrativa pódese rastrear, de xeito claro, nun libro de viaxes e en tres novelas. Desde o punto de vista da imagoloxía, a heteroimaxe do país veciño pasa polos tópicos mencionados por Salinas Portugal: país irmán, cultura común; para quen o ignora, no intento de reafirmar a identidade galega, non lle interesa mostrar Portugal como escenario de nada. Segundo sexa a ideoloxía do crítico, a relación Portugal-Brasil-Galiza pode ser vista dunha maneira ou doutra. Así, as imaxes creadas desde o reintegracionismo son prolusas ata mesmo disolverse nesa franxa de cultura común (Torres Feijó, 2007: 689-702).

Otero Pedrayo escribiu *Por os vieiros da saudade*, onde conta a crónica da primeira viaxe a América, tras o paso por Portugal. Este constitúe o primeiro texto narrativo en galego do século XX que reflicte o Portugal literaturizado. Porén, máis que literaturizado é intelectualizado. Otero, entre imaxes impresionistas, mostra as cidades principais a través dos seus artistas, dos seus escritores e dos seus monumentos, cunha linguaxe certamente poética e abstracta. Como exemplo, a pequena visión de Coímbra:

*Con teoría ou sen ela, sentimos chegar Coímbra. Non foron os outos amieiros, populares desespranzados e arelantes, verdecidos ecoares e sonos do Mondego. Non foi cousa ouvida nin anunciada. Un azul na noite, unha outa composición de luz. Había tamén un parpadexar de casiñas non lonxe da estación. Houbera profanado unha guitarrada a fidelidade dos nosos sentimentos.*

*Soa con romantismo de reloxos deberes iste nome Coímbra. Dura, traballosa paixón, non lirismo mol e arcadas de ritmos cansos penduradas duns temas lonxanos. O barroco encobre alí moita escolástica. Non extraños na beira do Mondego o idilio e a traxedia* (Otero Pedrayo, 2001 [1952]: 84).

Sendo un libro de viaxes, a súa función consiste na recreación daqueles lugares polos que pasa, demorándose á mantenta en Lisboa, sen argumento nin personaxes, o que neste caso deriva na visión positiva, algo idealizada, do Portugal que Otero xa coñece debido á súa condición de intelectual.

Xurxo Borrazás publica *Eu é* a finais do século XX, baseado en gran parte no terremoto de Lisboa; mais nese punto a cidade e o portugués pasan a un segundo plano, xa que resulta de maior interese narrativo a recreación do argumento de *Candide* de Voltaire. O autor, nun

<sup>18</sup> Losada Soler, 1992: 17-21.

<sup>19</sup> Herrero Figueroa, 2007: 143-154.

xogo narrativo, crea un universo metaficcional onde o protagonista, Venancio Prada, inflúe na consecución dos feitos, pero sen mudar especialmente a trama da novela. O luso acontecerá no primeiro plano da historia, a viaxe de Venancio Prada —escapando da súa vida en Vigo, da súa muller Raquel, contada nun outro plano a unha amante oínte— cunha autostopista chamada Carmen Cal.

Nesa viaxe, a idea do autor parece similar á de Otero Pedrayo: recrear positivamente Portugal, mesmo como unha extensión de Galicia, paseando por todos os tópicos dos que se fala normalmente, xa que, como afirma Venancio, o protagonista, «Desde a primeira vez que vin [a Portugal] e comprobei que todo estaba escrito en galego, pareceume unha pasada; ¡e por enriba estás no extranxeiro!». Sen embargo, ese mesmo sentimento prodúcelle outro contrario, na primeira reivindicación da novela: «Pero hai ocasións nas que tamén me entristece, quizais polos mesmos motivos polos que me atrae, ¿entendes? É algo irracional»<sup>20</sup>. Con este *topos* iníciase unha serie de lugares comúns nos que Portugal é unha terra meiga, fermosa, gastronómica, cultural, musical; mais que pode percibirse de diferentes maneiras segundo a idade ou o modo de estar no mundo. A primeira imaxe de Portugal, preto e lonxe de Galicia, reproducése desde un Venancio de máis de corenta anos, profesor, escritor e tradutor, ao que unha Carmen de dezanove lle contesta:

*–Entendo –dixo ela–. Eu só fun así ás feiras e tal, e a Porto a un par de concertos; e despois a Áncora de acampada coa excursión de COU, e sempre o pasei de vicio; especialmente en Porto, ¡ten unha marcha! (Borrazás, 1996: 32).*

Isto demostra que, realmente, non entende o sentimento de rebeldía tranquila simbolizado en Venancio, espello de moitos galegos de formación elevada, que, ademais, emprega a ironía a través do seu pensamento «Viramos Portos diferentes, pensei eu» (*idem*).

O percorrido é máis que interesante. Sen un rumbo fixo claro, ambos os dous entran en Ponte de Lima para tomar un café; en Braga, onde compran un vestido e tentan tomar un bacallau; no Porto, onde dormen e comezan a súa relación, eminentemente sexual; en Aveiro, para ir á praia e comprar un traxe de baño; en Coímbra e, por suposto, Lisboa. Detéñome en Coímbra porque a visita non pode ser máis turística, propia de calquera estranxeiro. A intención do lugar común segue a ser clara:

*–Sempre quixen vir a Coímbra –confesoume Carmen. Fixeramos escala en Mealhada para xantar con leitão á Bairrada, e entrabamos agora na cidade universitária. Xa remitía o balbordo dos mercados e os empregados pasaban a mangueira. Tomamos un refresco na Praça do Comércio e folleamos un par de xornais [...] Subiamos por calellas estreitas e empinadas ao pé da Sé Velha cara á Universidade. Desde o alto da cidade vimos o convento de Santa Clara e o curso amplo do Mondego (Borrazás, 1996: 65).*

<sup>20</sup> Borrazás, 1996: 32.

Lisboa representa a cidade na que transcorren a maior parte dos feitos, aínda que non significa o lugar común do resto das localidades portuguesas. Simbolicamente, na Lisboa do terremoto, Bruno, un dos personaxes máis singulares da novela, forma parte dunha asociación revolucionaria que avoga por rematar coas inxustizas sociais (segunda reivindicación da novela), porque une nesas forzas Galicia, Portugal e Cataluña.

É evidente que, para o autor, Portugal é «unha continuación natural do espazo galego» (Muñoz Carrobles, 2004: 95), o lugar en que «desembocan todos os ríos, todos os ríos» (Borrazás, 1996: 102).

Rosa Aneiros leva ao prelo *Resistencia* en 2002. A súa intención non foi converter a materia da *Revolução dos Cravos* na reafirmación da identidade galega, porque en si mesma xa forma un material narrativo moi atractivo. Se a revolución acontecera noutro país, sería igualmente de interese para a autora; pero tamén incidiu na escolla o feito de estar tan preto e ser tan descoñecido. Así e todo, a autora afirma (nunha entrevista comigo) que a novela non foi creada para reivindicar a historia recente de Portugal nin para alimentar a crenza da irmandade entre Galicia, Portugal e Brasil. Os personaxes son portugueses, non hai personaxes galegos, non existe mestura ou confraternidade —o que dalgún xeito si se daba en *Eu é* e que se vai dar en *A batalla do paraíso triste*— nin se identifican as figuras pola reafirmación da súa nacionalidade. No entanto, toda imaxe do Outro ocupa un punto de vista, ata na máis obxectiva neutralidade, que non existe. O Portugal de Rosa Aneiros, como marco ambiental, trázase idealizado, estilizado, positivo:

*San Pedro de Moel non aparecía aínda no mapa. Demasiado pequena e demasiado pobre para os científicos da cartografía que marcaban cun puntinho na ribeira portuguesa aquelas vilas que pagaban a pena ser visitadas. San Pedro de Moel non daba cartos nin sona, a penas lles daba para comer a dúas ducias de homes e mulleres que decidiran facer daquel recanto do centroeste atlántico o espacio testemuño dos seus anceios e frustracións nun Portugal sangrante polas feridas das colonias e que non lograba sacar folgos abondo como para amamantar a tantos fillos famélicos [...] Sen embargo, San Pedro de Moel resultaba tan mártir da pobreza como rica en recursos naturais; uns recursos –piñeiros, area e mar- dos que daban boa conta nas fábricas da Marinha Grande, a capital administrativa da zona (Aneiros, 2007: 12).*

Así serán o resto das descrições: o Pinhal do Rei, o Brasil, Mozambique. O ton trágico, case épico da autora contribúe á caracterización do estereotipo de lugares e personaxes. Neste exemplo pódese reparar na estilización da súa escritura:

*A vida para todos foi diferente a partir daquel trinta de setembro de 1968. En Europa polos aires revolucionarios e na Marinha Grande, nun recuncho centrocidental de Portugal, polas paixóns que cativaron o sentido dunha presa de corazóns terriblemente cansos de loitar contra si mesmos. En menos de trinta días tres persoas viran esfarelar os seus castelos de xabre coa ondada apurada das lagarteiras de setembro. Lagarteiras*



*tardías para vidas que levaban séculos de mentiras e febles compromisos contraídos cos mortos da súa desesperación por amaren. António, o namorado de Isaura, viu ó seu pai mallar no seu fillo; viu as olladas de odio e viu a lagoa de frustración no sitio onde sempre soñara un encontro conciliador. Inocente. Nunca sería posible ningún tipo de cara a cara, ningún tipo de perdón (Aneiros, 2007: 137).*

Pola propia materia narrativa, a mitificación de Portugal nos anos setenta, a partir da revolución, abrangue toda a novela. No entanto, tamén o tempo mostra certa mitificación pola súa propia entidade (Machado-Pageaux, 2001: 57-58); os anos da ditadura e a Revolución dos Caraveis adquiren tinturas míticas no imaxinario social portugués e europeo, afeito á valoración deste acontecemento histórico. O particular estilo narrativo «épico» da autora apoia estes efectos:

*A tensa calma anunciaba o trebón inminente. Os sucesos corrían ás présas, demasiado rápido para que eles puidesen asimilalos con tanto atraso como traían as novas na prisión. Na media tarde do día vintecinco de abril de 1974 houbo un balbordo extraordinario. Algúns presos comezaron a berrar que as tropas estaban a se mover no país para acabar co réxime fascistas. Outros refuxiáronse nas celas para non quentar máis a situación e limitáronse a agardar. Outra derrota sería difícil de assimilar. Pero esta vez sería certo. As horas peneiráronse con lenta cadencia na cadea. Silencio ininterrompido por aturuxos angustiosos e ducias de homes que mastigaban a tensión recuberta de espiñas (Aneiros, 2007: 249).*

De todos os personaxes, só Filipa, ou o pai, ofrecen sentimentos negativos cara o seu país, debido á súa fuxida ao Brasil, exacerbados no pai e transmitidos á filla:

*–Filipa –xurou ante as ondas do Atlántico, cara a cara co vello continente– nunca máis volverás a San Pedro de Moel, nin a Coímbra, nunca máis volverás a Portugal. Afaite á idea. Alí xa non queda nada polo que desexar regresar. Nada. Maldito sexas, Portugal, maldito sexas (Aneiros, 2007: 229).*

Filipa asume ese odio do pai cara ao seu país natal e así o reproduce:

*Eles quitáronlle todo o que un día lle importara e ela xa non quería Portugal. Para qué, Portugal, para qué... Resultáballe un país baleiro sen sentido, sen nada que botar de menos xa. Convertérase Filipa, con menos de trinta anos, nunha apátrida sen máis república de seu cá súa independencia. Nunca máis quixo saber de política, nin de economía, nin de dereito, nin de xustiza..., nada que non lle afectase estrictamente a ela mesma (Aneiros, 2007: 231).*

Con todo, para cumprir a última vontade do pai, paradoxalmente, ten que volver a Portugal, tras o falecemento deste. A confrontación co país aparece esperanzada porque «non

podía crer que aquilo fose Portugal. Non se parecía en absoluto ó que ela recordaba. En nada. Tiña a sensación de estar de viaxe por calquera capital europea e non na súa patria roubada» (o. cit., p. 286). O proceso do recoñecemento de Lisboa, de Coimbra, da Marinha Grande transfórmase de ilusión en saudade e, posteriormente, nun rápido acontecer dos feitos, en odio:

*Toda a serenidade que Filipa amosara dende a súa chegada a Portugal esborrallara trala visita a San Pedro de Moel. Odiábaos tanto, tanto a todos eles, tanto... Filipa limpou os mocos, arrastrou as pingas de auga das meixelas e do bico e arrancou o motor do coche. Desexaba tan só regresar a Brasil, á súa rutineira vida sen lazos e apuntalada por hábitos absurdos, ó sorrinte Río de Xaneiro onde o anonimato a convertera en muller transparente (Aneiros, 2007: 290).*

A sociedade portuguesa retratada confírese como unha sociedade heroica, valente. Aneiros contribúe a unha identidade portuguesa digna, aristocrática, co seu estilo epopeico; revolucionario en si mesmo e non só en relación coa Revolución dos Caraveis.

Xosé Ramón Pena publica en 2008 *A batalla do paraíso triste*. Trátase da última novela ambientada en Portugal, no da inmediata posguerra á segunda guerra mundial e comezos da ditadura salazarista, escrita en galego. Como no caso de Xurxo Borrazás, mestúranse protagonistas galegos e portugueses en dous planos narrativos, con técnicas similares ás de *Eu é*, sen chegar á complexidade tan lograda da obra de Borrazás. O interese polo material narrativo, sen embargo, parece orixinarse por motivos similares aos que expón Rosa Aneiros. Nunha entrevista<sup>21</sup>, Pena di que se interesou pola historia dos ultrafascistas portugueses, xa que Rolão Preto tivera un plan para anexionar Galicia. A partir de aí a historia recente portuguesa pareceulle factible como trama para unha novela. Realmente, Portugal móstrase aquí como verdadeiro protagonista da obra, na súa historia, máis que no seu espazo, sobre todo no plano narrativo portugués dos anos corenta.

N' *A batalla do paraíso triste* a visión de Portugal volve ser positiva, idealizada, fraterna con Galicia, moi próxima á visión turística de *Eu é* no plano narrativo do historiador galego que está á procura dos documentos, e máis preto do Portugal tráxico de Aneiros no plano narrativo portugués.

Así, para o personaxe que relata a historia de Fernando Freitas, o historiador galego, Portugal é un destino de viaxes de lecer, que se remontan á súa infancia «cando os meus pais nos levaban, aos meus irmáns e mais a min, a Valença, Viana do Castelo, Porto e, especialmente, á praia de Âncora» (Pena, 2008: 40). Coa xuventude os recordos apuntan nunha dirección, ben simbólica: «agora as lembranzas tórnanse máis escuras: o despertar social e político, desde logo, mais tamén a guerra de África que deixaba as vilas e as aldeas sen mozos» (o. cit., p. 41). Como parece lóxico para calquera galego culto, ao protagonista gústalle Portugal, é destino de vacacións, e a súa muller tamén, porque «o que si lle gusta, tanto ou

<sup>21</sup> <[www.laopinióncoruña.es](http://www.laopinióncoruña.es)>, 9/12/2008.

máis que a min mesmo, é Portugal; e, sobre todo, Lisboa; na súa estima, trátase dunha cidade que pode competir en romanticismo, chegado o caso, con París ou Venecia» (o. cit., p. 45). Mesmo a súa familia portuguesa por casamento da súa tía avoa, de Trás-Os-Montes, que é quen fornece os datos para emparentalo co Fernando Freitas dos anos corenta, vive nun entorno case bucólico:

*Foi toda unha fin de semana en Vinhais, contemplando as carballeiras, os amieiros... as aciñeiras arredadas, a se disfrazaren, entre cendais, dun poallo azulado, veciño do xeo. Xantamos millos e tamén asado mixto de fumeiro; xantamos na casa dos nosos familiares, pero tamén en restaurantes simpáticos, como O Manel e mais o Rossio, onde nos deron a fatar. Paseamos pola beira da muralla e mais a ponte da vila... Como sempre, cando un pasa unha xeira no edén, o tempo parece ir moi devagar até que, de súpeto, amanece o día da partida* (Pena, 2008: 77).

A afirmación final exemplifica ben o sentir do protagonista, a imaxe idealizada dunha terra edénica, e crea ese prototipo de Portugal, con sutís pinceladas, amable e acolledor. De feito, cae nalgún estereotipo como reducir o país, dun xeito claramente irónico, aos «*Fado, Fátima e fútbol: os tres efes que fan durmir a Portugal!*» (o. cit., p. 81), ou comezar practicamente todos os parlamentos do historiador portugués que o anima para investigar na historia dos camisas azuis con «*Ó pá!*», ou a burla de Catarina Gusmão, a amante de Freitas, cando este lle fala da súa ascendencia galega (o. cit., p. 144).

No entanto, a medida que avanza a obra nos dous planos, vai sendo menos importante a imaxe de Portugal ou o personaxe portugués e vai adquirindo relevancia tanto a historia de Portugal, como fonte principal da narración, como a acción en si mesma, a historia de espionaxe de novela negra, e mais a unión entre os dous planos, de xeito que a árbore xenealóxica dos protagonistas se vincula intimamente ata resolver o conflito.

En definitiva, poucas son as novelas que tratan Portugal como motivo temático e espazo arquetípico, mais todas elas revelan un país irmán, idealizado, interesante narrativamente e próximo á cultura e ao lecer galegos. A ambientación histórica gaña sobre todo, xa que os tres procuran momentos fundamentais da historia de Portugal: o terremoto de 1755, o comezo da ditadura salazarista e a Revolución dos Caraveis.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AA. VV. (2003). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Real Academia Galega/ Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez Lugrís, Alberto (2005). «Galicia, Irlanda e o *Leabhar Gabhala*. O mito celta no proceso de construción da identidade nacional galega». In María Dolores Gómez Penas (coord.), *A identidade galega e irlandesa a través dos textos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Aneiros, Rosa (2007). *Resistencia*. Vigo: Xerais.
- Borrazás, Xurxo (1996). *Eu é*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Carballo Calero, Ricardo. (1981). *Historia da literatura galega contemporánea: 1808-1936*. Vigo: Galaxia.
- Casás Fernández, Manuel (1953). «Notas galaico-lusitanas. Relaciones literarias», *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano XLVIII, tomo XXV, números 297-300 e 366-373.
- Dasilva, Xosé Manuel (2002). «Camões en galego: algunhas versións do soneto «Alma minha gentil, que te partiste»», *Boletín Galego de Literatura* 28, 125-137.
- (2003). «Francisco Añón en homenaxe a Camões», *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos* 6, 41-50.
- (2004). «A tradución máis antiga dun poema de Rosalía ao portugués», *Boletín Galego de Literatura* 31, 81-91.
- De Toro Santos, Antonio Raúl (1994). *Galicia desde Londres*. A Coruña: Tambre.
- Díaz Santana, Beatriz (2002). «Una revisión historiográfica de la investigación protohistórica de Galicia», *Arqueoweb: Revista sobre Arqueología en Internet* 1, vol. 4, 1-7. Accesible en: <[http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero4\\_1/articulo4\\_1\\_diazsantana.html](http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero4_1/articulo4_1_diazsantana.html)>.
- Fernández del Riego, Francisco (1980). «As letras de fóra na literatura galega». In *Evolución cultural de Galicia* (ciclo de conferencias pronunciadas no auditorio de Caixa de Aforros de Vigo no ano 1978) Vigo: Caixa de Aforros de Vigo, 3-17.
- (2001). «Galegos e portugueses na área da cultura común». In *Congreso de Literatura Galega e do Norte de Portugal: o libro e a lectura*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 17-25.
- Freixeiro Mato, X. Ramón (1994). «Unha visión das relacións culturais galego-portuguesas nos anos vinte a través da correspondencia entre Teixeira de Pascoaes e Noriega Varela», *Boletín Galego de Literatura* 11, 71-98.
- Herrero Figueroa, M. Araceli (2007). «Sobre a discutíbel lusofilia de Pardo Bazán ou de como D<sup>a</sup> Emilia non é propiamente Maria Guavaira». In Helena González Fernández & María Xesús Lama López (coords.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Barcelona, vol. 2, 143-154.
- Losada Soler, Elena (1992). «Eça de Queirós nos escritos de dona Emilia Pardo Bazán», *Boletín Galego de Literatura* 7, 17-21.
- Machado, Álvaro Manuel & Daniel Henri Pageaux (2001). «Da imaxe ao imaginario». In Álvaro Manuel Machado & Daniel Henri Pageaux, *Da literatura comparada à teoria literaria*. Lisboa: Presença, 48-66.
- Muñoz Carrobles, Diego (2004). «Xurxo Borrazás. A liberdade de contar. Unha viaxe polo seu mundo narrativo: soño e realidade», *Madrygal*, 7, 93-102.
- Otero Pedrayo, Ramón (2001). *Por os vieiros da saudade: lembranzas e crónicas de un viaxe a Buenos Aires*. Vigo: Galaxia.
- Otero Varela, Inmaculada (2005). «A función dos «outros» na construción do imaxinario identitario na literatura galega». In *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos* 2005, 88-101.
- Pena, Xosé Ramón (2008). *A batalla do paraíso triste*. Vigo: Xerais.

- Pociña López, Andrés José (2007). «Portugal en la obra de Eduardo Pondal». In Ángel Marcos de Dios (coord.), *Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 219-229.
- Pozo Garza, Luz (2001). «Poesía portuguesa en *Nordés*». In *Congreso de literatura galega e do norte de Portugal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 63-72.
- Rodrigues Baptista, António (1993). «Rosalía de Castro no horizonte dos «saudosistas» portugueses. Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoais». *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1993, 173-184.
- Rodríguez, José Luís (2007). «Galiza-Portugal (neo)trovadores e questons lingüísticas conexas». In Ángel Marcos de Dios (coord.), *Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 595-612.
- Salinas Portugal, Francisco (2007). «A língua e a literatura portuguesas na configuração do campo literário galego». In Ángel Marcos de Dios (coord.), *Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 411-420.
- Seabra, José Augusto (1999). «Apostila. A geração da *Renascença Portuguesa* e a revista *Nós*», *Nova Renascença*, 306-317.
- Torres Feijó, Elías J. (2007). «O 25 de Abril e as suas imediatas conseqüências para e no campo do protossistema cultural galeguista». In Helena González Fernández & María Xesús Lama López (coords.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Barcelona, vol. 2, 689-702.
- Valiente Fernández, Alicia (2007a). «Visión de Vicente Risco hacia Portugal en *Nós* y en su obra *Teoría do Nacionalismo Galego*», *Madrygal* 10, 135-143.
- (2007b). «La recepción de la cultura portuguesa en la revista *Nós*», *Revista de Filología Románica* 24, 251-262.
- Vázquez Cuesta, Pilar (1992). «Relacións entre as literaturas galega e portuguesa». In *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela, 419-435.
- Vilavedra, Dolores (2000). «¿Unha literatura para un pobo ou un pobo para unha literatura?». In Dolores Vilavedra, *Sobre narrativa galega contemporánea: estudos e críticas*. Vigo: Galaxia, 10-18.